# Concello de Lourenzá

## ACTA

| Expediente núm.: | Órgano colexiado: |
|---|---|
| JGL/2022/4 | La Junta de Gobierno Local |

| DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN | |
|---|---|
| **Tipo Convocatoria** | Ordinaria |
| **Data** | 29 de abril de 2022 |
| **Duración** | Desde as 10:15 ata as 11:30 horas |
| **Lugar** | Despacho da Alcaldía |
| **Presidida por** | Rocío López García |
| **Secretario** | Begoña González Pedregal |

| ASISTENCIA Á SESIÓN | | |
|---|---|---|
| **DNI** | **Nome e Apelidos** | **Asiste** |
| 33321327P | JAVIER HUERTAS OTERO | SÍ |
| 71865319W | MANUEL ARANGO RON | SÍ |
| 77593740C | MERCEDES DENGRA SIXTO | SÍ |
| 76580879X | ROCÍO LÓPEZ GARCÍA | SÍ |

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

## A) PARTE RESOLUTIVA

| APROACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE 24/03/2022. | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

**Begoña González Pedregal (1 para 2)**
Secretaria - Interventora
Data de Sinatura: 06/05/2022
HASH: 3265120b6ee914446a3916907be718b9

**rocio lopez garcia (2 para 2)**
Alcaldesa
Data de Sinatura: 06/05/2022
HASH: d0f8d2cefb00667c1068230e9807753f

Cod. Validación: 7QYWEAQ3QAQD3SLQFLQQGGXEA | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 35

Preguntados os membros da Xunta de Goberno, pola Alcaldía, se tiñan algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior de data vinte e catro de marzo do dous mil vinte e dous (24/03/2022), e non habendo nada, o borrador da acta foi aprobado por unanimidade dos presentes.

**Expediente 117/2022. SOLICITUDE DE LICENCIA D. MIGUEL FERNÁNDEZ COROAS. PECHE LATERAL DE FINCA**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a solicitude de licencia formulada por **D. MIGUEL FERNÁNDEZ COROAS** con NIF.****4380W, con domicilio no lugar de Pousada núm. 42, parroquia de Santa María (Lourenzá), con data 10/02/2022 sendo rexistrada de entrada co núm. 227, para a realización dos traballos consistentes en **PECHE LATERAL DE FINCA** sita no lugar de Pousada núm. 42, parroquia de Santa María, con Referencia Catastral 27027B003007490000LG, na parcela 749 do polígono 3 da Zona de Concentración Parcelaria de Lourenzá Norte e no contorno de protección do "*Castro de Pousada",* que aparece recollido como ben a protexer no Plan Básico Autonómico. Acompaña á solicitude presuposto da obra a realizar.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 06/04/22 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo de Núcleo Rural Pousada NRT-3.
- Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- Non se alterarán as aliñacións nin os volumes existentes.
- As obras consisten en realizar un peche lateral de postes con rollo enrexado de plástico e alambre.
- Estas obras pola súa escasa complexidade non necesita Proxecto Técnico.
- Consta no expediente a Resolución favorable da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, de data 08/03/2022, Expediente 36580, na que consta literalmente: "Resolvo autorizar o solicitado. Esta autorización emítese dende o punto de vista da protección do patrimonio cultural, sen prexuízo dos dereitos de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de



Cod. Validación: 7QYWEAQ3QAQD3SLQFLQQGGXEA | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 35

competencia municipal, autonómica ou calquera outros que fosen necesarios para a realización das intervencións recollidas nela”
- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.
Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar corenta e sete euros con corenta e oito céntimos (47,48) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en mil cincocentos oitenta e dous euros con cincuenta e oito céntimos (1.582,58). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Expediente 145/2022. SOLICITUDE LICENCIA D. IGNACIO CASTRO GOAS, CAMBIO DE CUBERTA EN VIVENDA E ALPENDRE E LUCIDO DE ALPENDRE**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista a solicitude de licencia formulada por **D. IGNACIO CASTRO GOAS,** con NIF.****5339D, con domicilio no lugar de Escourido núm. 7, parroquia de Santa María (Lourenzá), con data 22/02/2022, sendo rexistrada de entrada co núm. 369 para a realización dos traballos consistentes en **CAMBIO DE CUBERTA EN VIVENDA E ALPENDRE e LUCIDO DE ALPENDRE** sitos no lugar de Escourido núm. 7, parroquia de Santa María, con Referencia Catastral 002404100PJ31F0001UH. Acompáñase á solicitude memoria e presuposto das obras a realizar.
Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:
1.- A autorización da obra solicitada.
2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 31/03/22 a saber:
- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo de Núcleo Rural NRT-5.
-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- Non se alterarán as aliñacións nin os volumes existentes.
-Estas obras pola súa escasa complexidade non necesita Proxecto Técnico.
- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.
Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar mil



Cod. Validación: 7QYWEAQ3QAQD3SLQFLQQGGXEA | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 35

corenta e seis euros con vinte e cinco céntimos (1.046,25) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en trinta e catro mil oitocentos setenta e cinco euros (34.875,00). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

| **Expediente 359/2020. SOLICITUDE DE LICENCIA Dª Mª TERESA RIVAS VENTOSO. SUBSTITUCIÓN DE MURO** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a solicitude de licencia formulada por **Dª. MARÍA TERESA VENTOSO RIVAS,** con NIF.****7575X, con domicilio en Calle Clavel núm. 14-2ºB (19200 Azuqueca de Henares-Guadalajara) con datas 01/07/2020 e 17/02/21, sendo rexistradas de entrada cos núms. 1204/20 e 302/21 respectivamente para a realización dos traballos consistentes en **CONSTRUCCIÓN DUN MURO DE FORMIGÓN EN SUBSTITUCIÓN DE MURO EXISTENTE E CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚA E CUNETA DE FORMIGÓN** no lugar de As Carroceiras núm. 6, parroquia de San Xurxo, na parcela coas seguintes Referencias Catastrais da finca e da vivenda respectivamente, 27027C004010080000DX e 000500700PJ31B0001BE, sendo a parcela 1008 do polígono 4 da Zona de Concentración Parcelaria de Lourenzá Sur, na zona de policía de leitos da marxe esquerda do "Rego das Curuxeiras" na zona de policía de leitos da marxe dereita do Río Batán, e na zona de afección do contorno de protección da Capela da Costa nas Carroceiras/Catalogada, para o cal acompaña proxecto básico e de Execución de data Abril/20, redactado polo arquitecto D. Oscar López Alba, Colexiado núm. 2576 do COAG con visado núm. 2002076.2 de 08/05/20 e proxecto modificado, de data Abril/2021, redactado polo mesmo arquitecto.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 07/04/22 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo Rústico de especial protección agropecuaria.
- Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.



Cod. Validación: 7QYWEAQ3QAQD3SLQFLQQGGXEA | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 35

- As obras consistirán en substituir o muro existente de mampostería por outro de formigón armado, terminando o alzado con mampostería de pedra natural desta comarca cunha beirrarúa e unha cuneta de formigón para recoller augas de escorrentía do camiño.
- Constan no expediente informe sectorial favorable emitido polo Servicio de Infraestruturas Agrarias de Lugo datado o día 22 de outubro do 2020, no que literalmente consta:

"As actuacións pretendidas pola súa escasa entidade non supoñen un menoscabo dos resultados do proceso concentrador polo que por parte deste Servizo de Infraestruturas Agrarias non se formula oposición, sen prexuízo dos demais informes, autorizacións e permisos que conforme a lexislación vixente deban prestar outras administracións ou organismos públicos competentes e sen entrar a valorar o cumprimento dos requisitos urbanísticos para este tipo de construccións, en particular o relativo ao cumprimento das distancias a lindeiros, cauces e rede viaria,, o que corresponderá ao órgano competente para conceder a licenza que puidese corresponder."

- Consta no expediente Resolución favorable do organismo autónomo de Augas de Galicia, ao que se fai referencia no informe do técnico municipal, Expediente DH.W27.73887, de data 06/09/2021, no que figuran, literalmente, as seguientes condicións xerais e particulares:

"A.-XERAIS:

1.- As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave referida, en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.

2.- Outórgase esta autorización sen prexuízo de terceiro, salvando o dereito de propiedade, coa obriga de executar as obras conservando as servidumes legais existentes.

3.-Toda modificación das características da presente autorización requirirá a previa aprobación de Augas de Galicia.

4.- A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construción como no período de explotación, estarán a cargo de Augas de Galicia, sendo por conta do beneficiario as remuneracións e gastos que por ditos conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.

5.- Esta autorización queda suxeita ás disposicións vixentes ou que no sucesivo se diten, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como en xeral ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescricións específicas que lle sinale o ente competente en materia de calidade medio-ambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.

6.- O titular da autorización será responsable de cantos danos e

Cod. Validación: 7QYWEAQ3QAQD3SLQFLQQGGXEA | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 35

perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se autorizan, quedando obrigado á súa indemnización e a realizar os traballos que a administración lle ordene para a extracción dos cascallos vertidos ó leito durante a execución das mencionadas obras. Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalación que se autorizan.

7.- Esta autorización poderá ser revogada polo incumprimento da calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis, declarándose a revogación por resolución motivada de Augas de Galicia, quen poderá adoptar as medidas que considere necesarias para garantir as condicións normais de desaugue e o respecto as servidumes legais.

8.- Esta autorización é independente de todas aquelas que, en virtude das disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións, e, en particular, da licenza municipal de obras.

B.-PARTICULARES:

1.- As obras solicitadas consisten na construción dun muro de formigón en substitución dun muro existente, no predio con referencia catastral 000500700PJ31B0001BE, na zona de policía do río Batán e o rego das Curuxeiras; no lugar das Carroceiras, na parroquia de San Xurxo de Lourenzá, no concello de Lourenzá ( Lugo).

O muro executarase mediante formigón armado duns 5,85 metros de lonxitude e de altura comprendida de 2,85 metros sobre cimentación de formigón. Sobre o muro disporase dun cerramento con bloque de fábrica duns 100 centímetros de altura e uns 15 centímetros de espesor.

As obra afectarían á zona de policía de leitos da marxe dereita do río Batán e a zona de policía de leitos da marxe esquerda do Rego das Curuxeiras, aproximadamente uns 81 m e 100 m respectivamente.

2.- O muro situarase fóra da zona de servidume de leitos do río ou rego ( 5 m medidos dende a marxe do leito do río).

3.- A execución das obras non afectará ao cumprimento das funcións da zona de servidume de leitos. (5 m. medidos a partir do bordo ocupado polas augas nás máximas enchentes ordinarias), quedando en todo caso expedita.

4.-O movemento de terras que se executará no predio será o estritamente necesario para a construción do muro de contención e para aloxar a súa cimentación.

5.- Para a realización dos traballos non se invadirán os leitos públicos con maquinaria nin se vadearán.

6.-Non se executará a corta de exemplares de especies arbóreas na zona de servidumes de leitos, salvo que se dispoña da previa



Cod. Validación: 7QYWEAQ3QAQD3SLQFLQQGGXEA | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 35

autorización do organismo de conca.
7.- Evitaranse as escorrentías e enturbamentos das augas, polo que as actuacións se executarán en condicións climatolóxicas favorables. No caso de seren necesarios durante a execución das obras, instalaranse sistemas físicos-barreiras que impidan os arrastres de terras e/ou materiais de obra cara os leitos públicos.
8.-Durante a execución das obras e unha vez rematadas, non se depositarán materiais, residuos ou calquera material contaminante no leito nin nas súas inmediacións (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente e zona inundable), nin en lugares susceptibles de incorporarse a él durante as enchentes ou por episodios de choivas.
9.-Durante a execución das obras evitaranse o vertido de produtos contaminantes ou materiais cara aos leitos, así como o depósito de calquera material contaminante na zona de servidume de leitos ou en calquera lugar que poda ser alcanzado polas enchentes ou durante os episodios de choivas (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente e zona inundable).
10.-.-En todo caso debe quedar garantido o cumprimento dos valores admitidos para os parámetros que determinan a calidade mínima esixible ás augas continentais e a consecución dos obxectivos ambientais para a masa de auga segundo o Plan Hidrolóxico Galicia Costa 2016-2021 así como os preceptos do Real Decreto 817/2015 de 11 de septiembre por el que se establecen los criterios de seguimiento y evaluación del estado de las aguas superficiales e las normas de calidad ambiental e o Real Decreto 1514/2009, de 2 de octubre, por el que se regula la protección de las aguas subterráneas contra la contaminación y el deterioro.
11.- No caso de que para a execución das obras sexa necesario a colocación de maquinaria, estadas ou estruturas auxiliares temporais similares adoptaranse as medidas necesarias para asegurar a estabilidade dos mesmos e non se situarán na zona de servidume de leitos.
12.-Esta entidade pública non será responsable da solución técnica e estrutural elixida polo promotor.
13.- No caso de que coa execución das obras haxa ocupación provisional o definitiva de parcelas alleas precisarase acordo cos seus titulares.
14.- Unha vez rematadas as obras ou durante a súa execución, en todas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria pola zona de policía) procederase a súa rehabilitación, descontaminando a terra, se fora preciso, aportando terra vexetal, sementando, plantando, etc. ata conseguir a súa situación primitiva.
15.- O prazo para a realización das obras é de VINTE E CATRO (24)



Cod. Validación: 7QYWEAQ3QAQD3SLQFLQQGGXEA | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 35

MESES, contado a partir do día seguinte desta resolución. Finalizado este prazo, extinguirase a validez da autorización salvo que se solicite unha PRÓRROGA antes do esgotamento do prazo.
16.- Rematadas as obras comunicaráselle a Augas de Galicia, que procederá ó seu recoñecemento final nos casos en que o considere oportuno."
- Consta no expediente a Resolución da Directora Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, de data 11/03/2021, Expediente 31277.1 e no que literalmente consta: "RESOLVO autorizar o solicitado. Esta autorización emítese dende o punto de vista da protección do patrimonio cultural, sen prexuízo dos dereitos de terceiros, e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, autonómica ou calquera outros que fosen necesarios para a realización das intervencións recollidas nela."
- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.
Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar cento cinco euros (105,00) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en tres mil cincocentos euros. (3.500,00). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Expediente 408/2021. SOLICITUDE DE LICENCIA Dª MONTSERRAT BLANCO GUERREIRO. PINTURA FAC HADAS**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista a solicitude de licencia formulada por **Dª. MONTSERRAT BLANCO GUERREIRO,** con NIF.****5869-X, con domicilio en As Pedreiras núm. 4, parroquia de Santo Tomé (Lourenzá), con data 08/06/2021 e que tivo entrada nas oficinas municipais o día 25/06/2021, sendo rexistrada de entrada co núm. 1287, para a realización dos traballos consistentes en **PINTADO DE FACHADAS** no lugar de As Pedreiras núm. 4, parroquia de Santo Tomé (Lourenzá), con Referencia Catastral 001500900PJ31B0001RE, na parcela 2871 do polígono 9 da Zona de Concentración Parcelaria de Lourenzá Sur, na zona de policía dun rego innominado e na zona de afección do Camiño de Santiago, Ruta Norte. Acompáñase á solicitude, presuposto das obras a realizar.
Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:
1.- A autorización da obra solicitada.



Cod. Validación: 7QYWEAQ3QAQD3SLQFLQQGGXEA | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 35

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 31/03/22 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo Rústico de especial protección agropecuaria.
- Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- As obras solicitadas consisten na reparación de fachada e selado de ventás pintura de fachada da cor actual.
- Dado que a cor que se vai empregar na pintura da vivenda vai ser o mesmo que o existente, non se fai necesario solicitar permiso ante a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia ao tratarse dunha vivenda que se encontra na zona de afección do Camiño de Santiago, en base á Instrución de 8/01/2017 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.
- Estas obras pola súa escasa complexidade non necesitan Proxecto Técnico.
- Consta no expediente favorable da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería de Medio Rural, de data 27/12/2021, Expediente Núm. 271/2021, no que literalmente consta:

"As actuacións pretendidas de rehabilitación de fachadas de vivenda, pola súa escasa entidade non supoñen un menoscabo dos resultados do proceso concentrador dado que afectan unicamente a unha construción e non á parcela na que se ubica, polo que por parte deste Servizo de Infraestruturas Agrarias non se formula oposición, sen prexuízo dos demais informes, autorizacións e permisos que conforme a lexislación vixente deban prestar outras administracións ou organismos públicos competentes e sen entrar a valorar o cumprimento dos requisitos urbanísticos, o que corresponderá ao órgano competente para conceder a licenza que puidese corresponder."

- Consta no expediente a comunicación de Augas de Galicia, de data 18/03/2022 polo que se informa da presentación da Declaración Responsable para a execución de ditas obras, Expediente DH.W27.83878 dentro do dominio público hidráulico e zona de policía e que dita declaración cumpre co disposto no Decreto 42/2020 de 30 de xaneiro polo que se modifican determinadas disposicións vixentes en materia de augas, no punto 6 da súa disposición adicional segunda (actuacións menores de mantemento e conservación).
- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, imposto de Construcións e Obras,



Cod. Validación: 7QYWEAQ3QAQD3SLQFLQQGGXEA | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 35

segundo a cal deberá abonar trinta e tres euros (33,00) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en mil cen euros. (1.100,00). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Expediente 477/2021. SOLICITUDE DE LICENCIA. Dª CONCEPCIÓN OURAL RIVAS. CANALIZACIÓN E ASFALTADO EN V IVENDA**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista a solicitude de licencia formulada por **Dª. CONCEPCIÓN OURAL RIVAS** con NIF.****7594Y, con domicilio no lugar de Lavandeira, parroquia de San Xurxo (Lourenzá), con data 08/07/202, sendo rexistrada de entrada co núm. 1372, para a realización dos traballos consistentes en **CANALIZACIÓN E ASFALTADO EN VIVENDA (APERTURA DE ZANXA DE 15X40X70)** sita no lugar de Lavandeira núm.1, parroquia de San Jorge, con Referencia Catastral 27027C004007650000DT, na parcela 765 do polígono 4 da Zona de Concentración Parcelaria de Lourenzá Sur e no contorno de protección da "Casa con Escudo na Lavandeira", que aparece recollida como ben a protexer no Plan Básico Autonómico.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 31/03/22 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo de Núcleo Rural NR-11 Alaxe.
-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- Non se alterarán as aliñacións nin os volumes existentes.
- Consta no expediente a Resolución favorable da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, de data 12/01/2022, Expediente 18514.1, na que consta literalmente: "Resolvo autorizar o solicitado. Esta autorización emítese dende o punto de vista da protección do patrimonio cultural, sen prexuízo dos dereitos de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, autonómica ou calquera outros que fosen necesarios para a realización das intervencións recollidas nela".
-Estas obras pola súa escasa complexidade non necesita Proxecto Técnico.



Cod. Validación: 7QYWEAQ3QAQD3SLQFLQQGGXEA | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 35

- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.
Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar trinta euros (30,00) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en mil euros. (1.000,00). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Expediente 545/2021. SOLICITUDE LICENCIA DE OBRA BEGASA. LBT AÉREA E SUBTERRANEA**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a solicitude de licencia formulada por **BARRAS ELÉCTRICAS GALAICO ASTURIANAS(BEGASA),** con CIF.A33001983, con domicilio en Rúa Ramón María Aller Ulloa núm.9 (27003 Lugo) e na súa representación Dª. Noelia Neira Sánchez, con NIF. Núm. ****1509Y, con data 09/08/2021, sendo rexistrada de entrada co núm. 264/21 para a realización dos trabajos consistentes en **LBT AÉREA E SUBTERRÁNEA PARA NS 66529 A VIVENDA EN O PIÑEIRO (SAN XURXO)** na parcela con Referencia Catastral 27027C00400779, atravesando as fincas 779,797,799 e 800 do Polígono 4 da zona de concentración parcelaria de Lourenzá Sur, na zona de policía (64 m) da marxe dereita do rego de Requeixo e na marxe dereita do P.K. 0+350 da estrada LU-P-2802, San Xurxo (LU-122)-ARROXO (LU-634A), para o que acompaña proxecto de data xullo/21, redactado polo enxeñeiro Industrial D. Jorge Sanz Varea, Colexiado núm. 2803 do ICOIIG, con visado núm. 20212378 de 06/08/21.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 18/04/22 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo de Núcleo Rural.
- Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- Non se alterarán as aliñacións nin os volumes existentes.
- Consta no expediente Resolución favorable do organismo autónomo de Augas de Galicia, ao ser unhas obras que se atopan na

Cod. Validación: 7QYWEAQ3QAQD3SLQFLQQGGXEA | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 35

zona de influencia do rego innominado de San Xurxo, *Expediente* DH.W27.79572, de data 07/03/2021, no que figuran, literalmente, as seguintes condicións xerais e particulares:

"A.-XERAIS:

1.- As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave referida, en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.

2.- Outórgase esta autorización sen prexuízo de terceiro, salvando o dereito de propiedade, coa obriga de executar as obras conservando as servidumes legais existentes.

3.-Toda modificación das características da presente autorización requirirá a previa aprobación de Augas de Galicia.

4.- A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construción como no período de explotación, estarán a cargo de Augas de Galicia, sendo por conta do beneficiario as remuneracións e gastos que por ditos conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.

5.- Esta autorización queda suxeita ás disposicións vixentes ou que no sucesivo se diten, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como en xeral ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescricións específicas que lle sinale o ente competente en materia de calidade medio-ambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.

6.- O titular da autorización será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se autorizan, quedando obrigado á súa indemnización e a realizar os traballos que a administración lle ordene para a extracción dos cascallos vertidos ó leito durante a execución das mencionadas obras. Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalación que se autorizan.

7.- Esta autorización poderá ser revogada polo incumprimento da calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis, declarándose a revogación por resolución motivada de Augas de Galicia, quen poderá adoptar as medidas que considere necesarias para garantir as condicións normais de desaugue e o respecto as servidumes legais.

8.- Esta autorización é independente de todas aquelas que, en virtude das disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións, e, en particular, da licenza municipal de obras.

B.-PARTICULARES:

1.- As obras consistirán na execución dunha liña de baixa tensión (LBT) soterrada e aérea para a conexión a unha vivenda.As obras máis próximas ao rego afectan ao predio con referencia catastral 27027C00400779, no lugar de O Piñeiro, parroquia de Santo Tomé



Cod. Validación: 7QYWEAQ3QAQD3SLQFLQQGGXEA | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 35

de Lourenzá, no Concello de Lourenzá (Lugo).
En resumen as obras serían:
a) Desmontaxe de 45 metros de condutor aéreo LC-28 por condutor RZ 06/1 KV 3x150 ( non afectada).
b) Montaxe de 40 m de condutor RZ 06/1 KV 3X(1X240).
c) Construción de dúas arquetas troncopiramidais de 1x1x1,15 m.
As futuras obras situaranse na zona de policía da marxe dereita do rego de Requeixas a aproximadamente 64 metros do punto máis cercano das obras, e polo tanto na súa zona de policía. Na documentación técnica aportada baseada no visor IDE de Augas de Galicia, as obras situaríanse a 48,18 metros, pero o observado polo servizo de Gardería deste Servizo, o rego encóntrase mal grafado e na realidade do terreo situase a 64 metros.
2.- No caso de que, unha vez executada a roza da superficie do predio, se aprecien indicios da existencia de bens constitutivos do dominio público hidráulico segundo o artigo 2 do Regulamento de Dominio Público Hidráulico ( ex. Ríos, regos, mananciais, humedais, turbeiras, etc.) que non foran advertidos durante a visita da Gardería Fluvial, a estes bens daráselles o mesmo tratamento de respecto íntegro e aplicaranse as mesmas condicións indicadas neste informe para a execución dos traballos con respecto aos bens de dominio público xa identificados.
3.- Para a realización dos traballos non se invadirán nin se vadearán os leitos públicos con maquinaria.
4.- Evitaranse as escorrentías e enturbamentos das augas, polo que as actuacións se executarán en condicións climatolóxicas favorables.
5.- As obras solicitadas non modificarán os puntos de entrada e saída sos fluxos de augas que poidan chegar ao predio procedentes doutros predios superiores, debendo resolverse a circulación das augas dentro do mesmo predio e sen establecer maior gravame do existente a terceiros.
6.-Durante a execución das obras e unha vez rematadas, non se deixarán materiais, acopios ou residuos no cauce nin nas súas inmediacións (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente e zonas inundables), nin en lugares susceptibles de incorporarse a él durante as enchentes ou por episodios de choivas.
7.-Durante a execución das obras evitarase o vertido de produtos contaminantes cara aos leitos, na zona de servidume de leitos ou en calquera lugar que poda ser alcanzado polas enchentes (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente e zona inundable) tendo especial cuidado cos materiais de construción utilizados.
8.- No caso de que para a execución das obras sexa necesario a colocación de maquinaria, estadas ou estruturas auxiliares



Cod. Validación: 7QYWEAQ3QAQD3SLQFLQQGGXEA | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 35

temporais similares adoptaranse as medidas necesarias para asegurar a estabilidade dos mesmos e non se situarán na zona de servidume de leitos, zona de fluxo preferente e zonas inundables.

9.- As obras, unha vez finalizadas, non variarán a topografía nin as cotas de superficie do terreo existente.

10.- Os cascallos procedentes da obra xestionaranse segundo a normativa aplicable.

11.- No caso de que coa execución das obras haxa ocupación provisional o definitiva de parcelas alleas precisarase acordo cos seus titulares.

12.- Unha vez rematadas as obras ou durante a súa execución, en todas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria pola zona de policía) procederase a súa rehabilitación, descontaminando a terra, se fora preciso, aportando terra vexetal, sementando, plantando, etc. ata conseguir a súa situación primitiva.

13.- O prazo para a realización das obras é de VINTE E CATRO (24) MESES, contado a partir do día seguinte desta resolución. Finalizado este prazo, extinguirase a validez da autorización salvo que se solicite unha PRÓRROGA antes do esgotamento do prazo.

14.- Rematadas as obras comunicaráselle a Augas de Galicia, que procederá ó seu recoñecemento final nos casos en que o considere oportuno.”

- Consta no expediente autorización da Exma. Diputación Provincial por estar afectadas as obras ao estar situadas no P.K. 0+350, marxe dereito da estrada provincial LU-P-2802 “SAN XURXO (LU-122)-ARROXO (LU-634A)”, de data 24/01/2022 e donde se establecen as seguintes condicións especiais:

“A) CONDICIONES ESPECIALES.

1.-Autorízanse as obras contempladas na Separata de L.B.T. AÉREA Y SUBTERRÁNEA PARA NS 66529 A VIVENDA EN O PIÑEIRO”, con número de expediente BEG21106CARDP210809 presentada en 10/08/2021 respecto á vía provincial LU-P-2802 “SAN XURXO(LU-122)-ARROXO (LU-634A)”,ao redor do P.Q. 0+350 m.d., debendo en todo caso contar coa protección e requisitos que esixa a legislación sectorial aplicable.

2.- O apoio deberase colocar a unha distancia superior a 7.- do bordo da calzada, debendo resultar fóra da zona de servidume e a distancia non inferior a 10.- do eixo da vía provincial. Ademáis débese situara a unha distancia da calzada non inferior á altura do apoio.

3.- As canalizacións subterráneas realizaranse en todo caso conforme ás seguintes condicións xerais mínimas:

a) a canalización paralela e arquetas instalaranse o máis separadas posible da calzada e en ningún caso discorrerán baixo a calzada,

Cod. Validación: 7QYWEAQ3QAQD3SLQFLQQGGXEA | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 35

beiravía ou paseo de plataforma.
b) As tapas das arquetas deberán quedar a ras con nivel do terreo circundante, de xeito que non supoña perigo adicional á circulación e as súas características resistentes deberán permitir o paso de vehículos, así como impedir a súa posible apertura accidental ou retirada e figurar a natureza da canalización xunto coa identificación do titular da instalación.
c) Se durante a execución das obras se afectase algún punto da calzada, deberá ser obxecto de regularización de plataforma mediante extensión dunha capa de mesura bituminosa en quente de espesor superior a 6 cm en todo o ancho da calzada e beiravías con pintado de marcas viais e cunha lonxitude mínima de 10 metros.
4.-Tendo en conta o establecido no art. 49 da Lei 8/2013 de 28 de xuño, de estradas de Galicia, a presente autorización outorgarase a reserva das demais licenzas e autorizacións necesarias, sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo os dereitos preexistentes sobre os terreos oub bens. Non supoñerá en ningún caso a cesión do dominio público nin a asunción pola administración titular de ningunha responsabilidade respecto da persoa titular da autorización ou de terceiros.
As actuacións poderán ser inspeccionadas en todo momento polo persoal da administración titular da estrada ou da que outorgou a autorización.
Con carácter xeral as autorizacións para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público outorgaranse por un prazo máximo de dez anos, e poderán concederse, logo da solicitude da persoa interesada, ata dúas prórrogas por períodos de igual duración. Antes de que transcorra o prazo da autorización, incluídas as prórrogas, se fose o caso, a persoa titular poderá solicitar unha nova autorización, que se tramitará adaptada, no seu caso, á normativa vixente nese momento.
As autorizacións outorgadas para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público poderán ser revogadas unilateralmente polo órgano que as outorgou en calquera momento por razóns de interese público, se xerar dereito a indemnización, canso sexa necesario por motivo de calquera obra que vaia a realizar na estrada a administración titular desta, e quedará obrigada a persoa solicitante a retirar pola súa conta os elementos instalados.
As autorizacións outorgadas para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público exclúen o aboamento á persoa interesada de calquera indemnización por razón de danos e perdas ocasionados pola explotación e polo uso da estrada, incluídos os causados polo tráfico ou por calquera obra realizada na estrada pola administración titular desta, incluídas as



Cod. Validación: 7QYWEAQ3QAQD3SLQFLQQGGXEA | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 35

de conservación. Neste caso a reposición ds obras e elementos amparados pola autorización será por conta da persoa interesada.

5.- A execución da calquera obra, instalación ou outra actividade non expresamente comprendida na presente autorización, situada a distancia inferior á de afección da vía provincial, segundo definición do art. 40 da Lei 8/2013 de 28 de xuño de estradas de Galicia, deberá ser obxecto de autorización mediante presentación polo interesado de solicitude na que conste descrición detallada das características, dimensións, materiais e distancia ao bordo exterior da calzada así como das actuacións que se pretendan realizar.

6.- Calquera instalación provisional (andamios, guindastres, valados, sinais) que puideran afectar á zona de dominio público ou servidume, segundo definición dos art. 37,38 e 39 da Lei 8/2013 de 28 de xuño de estradas de Galicia,__deberán ser obxecto de solicitude polo interesado, indicando metros de fronte á vía provincial e distancia ao firme e eixe da estrada así como prazo previsto de ocupación da mesma.

7.- O peticionario, antes do comezo das obras deberá depositar en Arcas Provinciais un aval bancario por importe de Catrocentos cincuenta (450.-)euros, para responder dos posibles danos que poidan ocasionarseá vía provincial que se devolverá no prazo dun ano dende o remate das obras se se cumpren os requisitos esixidos na presente autorización ( Art. 51 da Lei 8/2013de estradas de Galicia). Dito aval deberá vir debidamente dilixenciado no que se faga constar a Ref. da autorización.

8.-Aqueles elementos da estrada provincial que se vexan afectados polas obras deberán ser repostos á situación e características técnicas anteriores á actuación obxecto da presente autorización. O peticionario faise responsable dos danos ás estradas ou a os seus usuarios que poidan derivarse da construción e existencia de dita condución, o seu uso e posibles avarías, responsabilizándose igualmente da sinalización regulamentaria tanto no momento da instalación como posteriormente para a obras de conservación e reparación.

9.-A Administración titular da estrada, poderá, en calquer momento, modificar ou suspender temporalmente ou definitivamente a autorización nos seguintes casos: cando a actuación produza danos no dominio público viario, ou por incumprimento das condicións da autorización, ou por poñer en risco a seguridade viaria ou cando se alteren os supostos determinantes do seu outorgamento.

10.- As taxas devengaranse preceptivamente e obrigatoriamente na súa totalidade antes do inicio da obra, facultade que outorga a esta Deputación o art. 9 da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Autorizacións de obras e outros aproveitamentos situados en zonas contiguas ás estradas provinciais (BOP. 258 de 10/11/1995) e o art.6



Cod. Validación: 7QYWEAQ3QAQD3SLQFLQQGGXEA | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 35

da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial bens dominio público provincial (BOP. 261 de 13/11/1998) e a Ley Reguladora de las Haciendas Locales. O establecido na Ley 58/2033 de 17 de diciembre, General Tributaria, no se art. 62. Plazos para el pago, non habilita a presente autorización mentres tanto non se satisfagan as preceptivas taxas.
11.- Deberá comunicar por escrito a data de inicio das obras cunha antelación de dez (10) días co fin de poder levar a cabo un seguimento das mesmas por persoal adscrito a Vías e Obras. As obras deberán atoparse rematadas no prazo de DOCE (12) MESES contados a partir da notificación.
O incumprimento das referidas condicións significa a nulidade da autorización, podendo dar lugar ao correspondente procedemento sancionador e responsabilidades que se puideran detraer.
No caso de pretender realizar a instalación doutros elementos (arquetas, armarios, cadro, postes..) que excedan das afectacións solicitadas, deberán ser obxecto de autorización mediante presentación polo interesado da correspondente solicitude de obra."
- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar noventa e tres euros con corenta e cinco céntimos (93,45) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en tres mil cento catorce euros con oitenta e sete céntimos (3.114,87). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Expediente 45/2022. SOLICITUDE DE LICENCIA D. MANUEL ARANGO RON.CAMBIO DE VENTÁS E DUAS PORTAS.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Antes do inicio de este punto da orde do día, auséntase da sesión D. Manuel Arango Ron
Vista a solicitude de licencia formulada por **D. MANUEL ARANGO RON** con NIF.****5319W, con domicilio no lugar de Recemil núm. 12, parroquia de Santa María (Lourenzá), de data 20/01/22, sendo rexistrada de entrada o mismo día co núm. 104, para a realización dos traballos consistentes en **CAMBIO DE VENTÁS E DUAS PORTAS** en vivenda unifamiliar sita no lugar de Recemil núm. 12, parroquia de Santa María, con Referencia Catastral 000803600PJ31D0001IZ na zona de afección do Rego de Recemil e na zona de influencia do Camiño de Santiago, Ruta Norte. Acompaña a la solicitud un presuposto das obras a realizar.



Cod. Validación: 7QYWEAQ3QAQD3SLQFLQQGGXEA | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 35

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 22/04/22 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo de Núcleo Rural.
- Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- Non se alterarán as aliñacións nin os volumes existentes.
- As obras solicitadas consisten na substitución de ventás e duas portas de pvc branco, nunha edificación non tradicional e que polo tanto non é necesaria a autorización da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ao ser unha obra que se encontra na zona de influencia do Camiño Norte de Santiago e en base á Instrucción da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicada no DOGA de 13/8/2019, apartado 2 do artigo 44.
- Consta no expediente a comunicación de Augas de Galicia, de data 02/02/22 polo que se informa da presentación da Declaración Responsable para a execución de ditas obras, Expediente DH.W27.82321, dentro do dominio público hidráulico e zona de policía e que dita declaración cumpre co disposto no Decreto 42/2020 de 30 de xaneiro polo que se modifican determinadas disposicións vixentes en materia de augas, no punto 6 da súa disposición adicional segunda (actuacións menores de mantemento e conservación).
- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar cento sesenta e dous euros con noventa e sete céntimos (162,97) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en cinco mil catrocentos trinta e dous euros con dezanove céntimos (5.432,19). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Ao finalizar este punto incorpórase á sesión o Concelleiro D. Manuel Arango Ron.

**Expediente 143/2022. SOLICITUDE DE LICENCIA D. ANGEL SANTE ALVAREZ. REHAB ILITACIÓN CUBERTA**



Cod. Validación: 7QYWEAQ3QAQD3SLQFLQQGGXEA | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 35

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista a solicitude de licencia formulada por **D. ANGEL SANTE ÁLVAREZ** con domicilio no lugar Requeixo núm. 8, parroquia de San Xurxo (Lourenzá) con NIF. NÚM.****5971Y, con data 13/01/2022, sendo rexistrada de entrada co núm. 2021-E-RC-69, para a realización dos traballos consistentes en **REHABILITACIÓN DE CUBERTA** en vivenda sita no lugar de Requeixo núm 8, parroquia de San Xurxo (Lourenzá), na parcela con Referencia Catastral 000301000PJ31B0001PE. Acompáñase á solicitude presuposto da obra.
Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:
1.- A autorización da obra solicitada.
2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 11/04/22 a saber:
- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo de Núcleo Rural NRT-13 de Chantado.
-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- Non se alterarán as aliñacións nin os volumes existentes.
- As obras consisten na substitución de pizarra, canalón e cangos que estean en mal estado.
- Estas obras pola súa escasa complexidade non necesita Proxecto Técnico.
- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar douscentos noventa e seis euros con vinte e cinco céntimos (296,25) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en nove mil oitocentos setenta e cinco euros (9.875,00). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Expediente 610/2021. SOLICITUDE DE LICENCIA DECLARACIÓN DE RUINA E DEMOLICIÓN**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista a solicitude de licencia formulada por **Dª. MARÍA FERNÁNDEZ LOMBARDERO** con NIF.****7803P, con domicilio no



Cod. Validación: 7QYWEAQ3QAQD3SLQFLQQGGXEA | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 35

lugar de Valiña núm.3, parroquia de Santo Adrao (Lourenzá), con data 14/11/2021 sendo rexistrada de entrada co núm. 2021-E-RE-372 para **DECLARACIÓN DE RUÍNA DE EDIFICACIÓN SITA NO LUGAR DE VALIÑA NÚM. 10 (SANTO ADRAO) E DEMOLICIÓN** sita no lugar de Valiña núm. 11 parroquia de Santo Adrao (Lourenzá), na parcela con Referencia Catastral 000103200PJ40G0001YS, para o que acompaña Proxecto de Demolición de Edificación de data Marzo 2022, visado co núm.2201801.2 de 31/03/2022, redactado pola arquitecta Dª. Mayte Vidal Lourido, colexiada núm. 4088 do COAG e Certificado Técnico de Declaración de Ruína de data Novembro/2021, redactado pola mesma arquitecta.
Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:
1.- A autorización da obra solicitada.
2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 07/04/22 a saber:
- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo de Núcleo Rural.
-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- Na Memoria presentada xustifícase dacordo co artigo 141 da Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, que modifica a Lei 9/2002, procede a declaración de ruina do inmoble dado que o custo das obras necesarias para a súa rehabilitación é superior ao 50% do custo de reposición e algún dos seus elementos estructurais non existen ou encóntranse totalmente dañados.
- Prazo de execución: Inicio: 3 meses./ Finalización: 6 meses.
Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar douscentos trinta e dous euros con trinta e dous céntimos (232,32) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en sete mil setecentos corenta e tres euros con noventa e seis céntimos (7.743,96). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Expediente 214/2022. CONVENIO ENTRE ADMINISTRACION XERAL DO ESTADO (MINHAP) E A XUNTA DE GALICIA PARA A PRESTACIÓN MUTUA DE SOLUCIÓNS BÁSICAS DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA.**



Cod. Validación: 7QYWEAQ3QAQD3SLQFLQQGGXEA | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 35

| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

(Antes de iniciarse este punto da orde do día, ausentase da sesión o concelleiro D. Javier Huertas Otero)
Visto que con data 31 de outubro do 2013 formalizouse un convenio de colaboración entre a Administración Xeral do Estado (MINHAP) e a Xunta de Galicia para a prestación mutua de solucións básicas de administración electrónica, cuia prestación mutua levarase a cabo nos termos establecidos no dicho convenio, sen contraprestación económica, publicado no BOE núm. 294 de 09/12/2013.
Vito que o obxecto asimismo do mencionado convenio é a determinación das condicións nas que a Comunidad Autónoma de Galicia facilitará o acceso ás Administracións, Entidades de Dereito Público e Institucións públicas da Xunta de Galicia e das Entidades Locais ubicadas no territorio de dita Comunidade que estean interesadas nas solucións tecnolóxicas relacionadas na cláusula segunda de dito Convenio ou polas que las actualicen ou modifiquen no futuro, mediante a subscrición do correspondente Acordo, que garantirá, en todo caso, o cumprimento das obrigacións establecidas no citado Convenio.
Visto que este concello ten implantada como ferramenta de xestión administrativa GESTIONA, o que fai que, por motivos de oportunidade, de modo inmediato para cumprir coas obrigacións de administración electrónica teña que utilizar a ferramenta de plataforma de intermediación de datos ofrecida polo Estado -SCSP-, ademais da Red SARA que xa se ven utilizando.
A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos tres concelleiros presentes na sesión sendo o seu número legal de catro, ACORDA:
PRIMEIRO.- A Adhesión do CONCELLO DE LOURENZÁ ao Convenio de Colaboración entre a Administración General do Estado (MINHAP) e a Xunta de Galicia para a prestación mutua de solucións básicas de administración electrónica e que fora asinado o día 31 de outubro do 2013(BOE. Num. 294 de 09/12/2013).
SEGUNDO.- Facultar á Sra. Alcaldesa, Dª. Rocío López García,dando tan amplamente como sexa preciso en dereito á Alcaldía da Corporación para a formalización e sinatura, no seu caso, dos documentos, convenio e cantos trámites sexan precisos en orde á efectividade deste acordo

**Expediente 18/2021. PLAN ÚNICO 2021: A). APROBACIÓN A MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS: ESTRADA DE MASMA-PENA-TIAGONCE, PISTA POUSADA, RÚA REGO VILAZO E ENTORNO DA FEIRA VELLA. B).- APROBACIÓN DO**



Cod. Validación: 7QYWEAQ3QAQD3SLQFLQQGGXEA | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 35

| PROXECTO DE MELLORA DA PISTA DE TGIAGONCE A POUSADA. | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

**A.- PLAN ÚNICO 2021: A). APROBACIÓN A MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS: ESTRADA DE MASMA-PENA-TIAGONCE, PISTA POUSADA, RÚA REGO VILAZO E ENTORNO DA FEIRA VELLA.**

Visto que no Plan Único da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio de 2021 figuraba incluída, a execución da obra denominada "Mellora de vías municipais: Estrada de Masma-Pena-Tiagonce, pista Pousada, rúa Rego Vilazo e entorno Feira Vella".

Visto que a mellora na rúa Rego Vilazo, non pode executarse polo presuposto incluido no proxecto posto que as condicións impostas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade encarece a citada obra.

Visto que se redactou un proxecto modificado da citada obra, redactado por D. Carlos Centenera Baños, Arquitecto colexiado núm. 597 do COAG, con un orzamento de execución material por importe de 131.432,32 máis un IVE de 22.810,56 o que fai un total de 131.432,32 máis 6.626,86 de honorarios de proyecto e dirección de obra, polo que o importe total ascende a 138.059,18 euros.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto modificado de "Mellora de vías municipais: Estrada de Masma-Pena-Tiagonce, pista Pousada, rúa Rego Vilazo e entorno Feira Vella" por importe de 138.059,18 euros.

SEGUNDO,- Solicitar á Deputación Provincial de Lugo a substitución do proyecto incluído no Plan Unico 2021 pasando a executarse o proxecto modificado.

**B.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE MELLORA DA PISTA DE TIAGONCE A POUSADA.**

Visto que no Plan Único da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio de 2021 figuraba incluída, a execución da obra denominada "Mellora de vías municipais: Estrada de Masma-Pena-Tiagonce, pista Pousada, rúa Rego Vilazo e entorno Feira Vella". Visto que por Resolución da Alcaldía de data 24/08/2021 adxudicouse a execución de dita obra no prezo de cento nove mil setecentos corenta e cinco euros con noventa e oito céntimos (109.745,98) obténdose unha baixa por importe de vinte e un mil seiscentos oitenta e seis euros con trinta e tres céntimos (21.686,33).

Visto que na Base núm. 11 do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021 (BOP. Núm. 8 de data 12/01/2021) establecese que: "as baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por



Cod. Validación: 7QYWEAQ3QAQD3SLQFLQQGGXEA | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 35

cada concello na mesma finalidade e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello.
A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria por unanimidade, ACORDA:
PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto técnico denominado "PROXECTO DE MELLORA DA PISTA DE TIAGONCE A POUSADA", cun presuposto de dezasete mil novecentos vinte e dous euros con cincuenta e nove céntimos (17.922,59) ao que se engadirá un IVE de tres mil setecentos sesenta e tres euros con sesenta e catro céntimos (3.763,64) o que fai un presuposto total de vinte e un mil seiscentos oitenta e seis euros con trinta e tres céntimos (21.686,33) redactado por D. Carlos Centenera Baños, Arquitecto colexiado núm. 597 do COAG con data marzo/2022.
SEGUNDO.- Solicitar á Deputación Provincial, de conformidade co disposto na Base Reguladora núm. 11 do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos/2021, que a baixa obtida na licitación da obra incluída no Plan Único 2021, sexa investida na execución da obra da mesma finalidade e denominada "PROXECTO DE MELLORA DA PISTA DE TIAGONCE A POUSADA".

**Expediente 871/2018. SUBVENCIÓNS DEPORTES 2021**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Visto que con data 16 de decembro de 2021, reuniuse a Comisión de Valoración para a avaliación de solicitudes presentadas ó abeiro das bases para a concesión de subvencións destinadas a Entidades e Clubs deportivos do Concello de Lourenzá, para a realización de actividades deportivas na anualidade de 2021, propoñendo a concesión das seguintes subvencións:
1.- Club Atletismo Lourenzá: 500 euros.
2.- Escolas Deportivas de Lourenzá: 5.000 euros.
3.- A Asociación de Senderismo "Terras de Lourenzá": 500 euros.
Visto que pola Xunta de Goberno Local de data 28 de decembro de 2021, acordouse conceder ás subvencións propostas pola Comisión de Valoración.
Visto que se notificou ós Presidentes do Club Atletismo Lourenzá, as Escolas Deportivas de Lourenzá e Asociación "Terras da Mariña" o acordo da Xunta de Goberno Local, así como o prazo para a presentación da documentación xustificativa da axuda económica concedida o cal finalizaba o 31 de marzo de 2022.
Visto que a citada documentación foi presentada neste Concello dentro do prazo establecido.
A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, por unanimidade,

Cod. Validación: 7QYWEAQ3QAQD3SLQFLQQGGXEA | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 23 a 35

ACORDA:
O abono das subvención concedidas ó abeiro das bases para a concesión de subvencións destinadas a Entidades e Clubs deportivos do Concello de Lourenzá, para a realización de actividades deportivas na anualidade de 2021 e que son as seguintes:
Club Atletismo Lourenzá: 500 euros.
Escolas Deportivas de Lourenzá:5.000 euros.
Asociación de Senderismo “Terras de Lourenzá”: 500 euros.

**Expediente 220/2022. APROBACIÓN BASES CONCURSO POESÍA DAS LETRAS GALEGAS 2022**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Chegado a este punto da Orde do día e unha vez vistas as bases presentadas polo concelleiro de Cultura e segundo tenente de Alcalde, D. Manuel Arango Ron, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos tres concelleiros presentes na sesión sendo o seu número legal de catro, ACORDA:
PRIMEIRO.- Aprobar as Bases para o Concurso de Poesia “LETRAS GALEGAS 2022”, sendo o seu contido o que se transcribe a continuación:
“*BASES CONCURSO POESÍA LETRAS GALEGAS 2022.*
*1ª.- O Concello de Lourenzá convoca un concurso de poesía co gallo da celebración do Día das Letras Galegas 2022.*
*2ª.- O tema da poesía será A PAZ.*
*3ª.- Establécense tres categorías:*
*a) Ata 9 anos*
*b) De 10 a 14 anos*
*c) Máis de 14 anos*
*4ª.- As obras,escritas en galego, serán presentadas de forma anónima , cos datos persoais do concursante ( nome e apelidos, idade, enderezo e teléfono de contacto) introducidos nun sobre, que levará na parte exterior a categoría á que pertence.*
*5ª.- So se admitirá unha obra por participante.*
*6ª.- Establécese un premio para cada categoría consistente en 50 € e figura institucional.*
*7ª.- As obras presentaranse na Biblioteca Municipal ata o venres 20 de maio.*
*8ª.- A Concellería de Cultura encargase de nomear un xurado que presidirá a Alcaldesa ou a persoa na que delegue.*
*9ª.- O veredicto do xurado e a data e lugar de entrega de premios comunicaráselle directamente ao gañadores.*
*10.ª- O Concello de Lourenzá resérvase a propiedade e o dereito de*



Cod. Validación: 7QYWEAQ3QAQD3SLQFLQQGGXEA | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 35

*reprodución das obras presentadas a concurso.*
SEGUNDO.-Facultar a Alcaldía para a xestión de trámites e sinatura de documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

**Expediente 124/2022. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN ALCALDÍA 0412/2022 DE 25/02/22 POLA QUE SE ACORDA SOLICITAR SUBVENCIÓN PARA MELLORA PAISAXÍSTICA E DE EMBELECEMENTO DE BENS E RECURSOS NO CAMIÑO DE SANTIAGO.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Neste punto da orde do día, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos tres concelleiros presentes na sesión sendo o seu número legal de catro, acordou ratificar a Resolución da Alcaldía de data 25/02/2022 pola que se acorda solicitar unha subvención a Axencia de Turismo de Galicia ó abeiro da *Resolución de 10 de Febreiro de 2022, publicada no D.O.G. num. 37 do Mércores 23 de Febreiro de 2022 da AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das axudas para actuacións de mellora paisaxística e de embelecemento de bens e recursos que se atopen no Camiño de Santiago, e se establece a súa convocatoria para o ano 2022* sendo o seu contido literal o que segue:
*“Dona ROCÍO LÓPEZ GARCÍA, Alcaldesa-Presidente do Concello de Lourenzá (Lugo), no nome e representación que do mesmo ostenta, de conformidade coas atribucións que lle veñen conferidas pola Lexislación Vixente e vista a RESOLUCION do 10 de Febreiro de 2022, publicada no D.O.G. num. 37 do Mércores 23 de Febreiro de 2022 da AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das axudas para actuacións de mellora paisaxística e de embelecemento de bens e recursos que se atopen no Camiño de Santiago, e se establece a súa convocatoria para o ano 2022,VEN A RESOLVER:*
*PRIMEIRO.- Aprobar a memoria de “MELLORA DE SINALIZACIÓN E EMBELECEMENTO DO CAMIÑO DE SANTIAGO O SEU PASO POLO CONCELLO DE LOURENZÁ.” ascendendo o seu presuposto total a CATORCE MIL CINCOCENTOS OITENTA EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (19.807,70 €), IVE INCLUÍDO.*
*SEGUNDO.- Solicitar á Axencia de Turismo de Galicia ao abeiro da RESOLUCIÓN do 10 de Febreiro de 2022, publicada no D .O.G.A num. 37 do Mércores 23 de Febreiro de 2022 da AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, pola que se establecen as bases reguladoras*



Cod. Validación: 7QYWEAQ3QAQD3SLQFLQQGGXEA | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 25 a 35

*para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das axudas para actuacións de mellora paisaxística e de embelecemento de bens e recursos que se atopen no Camiño de Santiago, e se establece a súa convocatoria para o ano 2022, unha subvención por importe de CATORCE MIL OITOCENTOS CINCUENTA E CINCO EUROS CON SETENTA E SEIS CÉNTIMOS. (14.855,76 €), IVE INCLUÍDO, para a execución do proxecto "MELLORA DE SINALIZACIÓN E EMBELECEMENTO DO CAMIÑO DE SANTIAGO O SEU PASO POLO CONCELLO DE LOURENZÁ.", co seguinte desglose:ORZAMENTO*

| UD | DESCRICIÓN | PREZO UD. | TOTAL |
|---|---|---|---|
| 50 $m^2$ | Picado de chan existente por medios mecánicos, e aplicación de formigón desactivado color terra ou similar acorde coa contorna. Inclúe actuación de encontro do formigón co canal de evacuación de auga existente | 60 € | 3.000,00€ |
| 30 $m^2$ | Mantemento da varanda metálica: lixado, aplicación de imprimación e posterior pintado. | 30 € | 900,00 € |
| 1 | Desbroce e limpeza de talud: Eliminación de vexetación existente por medios manuais e posterior chorreo con máquina a presión dos taludes. | 1.500,00 € | 1.500,00 € |
| 30 $m^2$ | Acondicionamento e axardinamento da zona de baixada no marxe dereito coa instalación de xardineiras continuas e de elementos decorativos | 60,00 € | 1.800,00 € |
| 1 | Intervención artística no muro: Acondicionamento e imprimación coa utilización de resinas ecolóxicas de polioretano de contención de humidades como base de imprimación, resinas de pintura ecolóxicas e alta durabilidade, colores variados. | 4.850,00 € | 4.850,00 € |
| 120 $m^2$ | Traballos de limpeza, lixado e lasurado de varanda a ambas marxes da ponte. | 36 € | 4.320,00 € |



Cod. Validación: 7QYWEAQ3QAQD3SLQFLQQGGXEA | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 26 a 35

| | |
|---|---|
| *SUBTOTAL* | *16.370,00 €* |
| *IVA 21%* | *3.437,70 €* |
| *TOTAL* | *19.807,70 €* |

*CUARTO.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Resolución do 10 de Febreiro de 2022.*
*QUINTO.- Comprometerse ao financiamento do importe da actividade que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista.*
*SEXTO.- Ratificar esta resolución na próxima Xunta de Goberno Local.*
*Mándao e asina a Sra. Alcaldesa-Presidenta en Lourenzá (Lugo) a vinte e cinco de Febreiro de dous mil vinte e dous."*

**Expediente 208/2022. RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN CONCURSOS DO MAIO 2022:SOMBREIROS E DECORACIÓN VIVENDAS E COMERCIOS.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Neste punto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos concelleiros presentes e que constituen o seu número legal, ACORDÓU ratificar a Resolución da Alcaldía de data 19/04/2022 que se transcribe:
"Dª ROCÍO LÓPEZ GARCÍA , Alcaldesa–Presidenta do Concello de Lourenzá,
Vistas as bases presentadas por D. Manuel Arango Ron, concelleiro de Cultura, de data 18 de abril de 2022 , con rexistro de entrada núm. 720 para os concursos de sombreiros e decoración de vivendas e comercios co Esta Alcaldía en virtude das facultades que lle outorga a lexislación vixente, RESOLVE:
PRIMEIRO .- Aprobar as Bases do concurso de sombreiros , sendo as que se detallan a continuación:
1.- Poderán participar no mesmo todas as persoas que o desexen e que asistan co seu sombreiro decorado á celebración do tradicional desfile que se desenvolverá polas rúas de Vilanova o día 1 de maio.
2.- Os sombreiros poden estar realizados e decorados con materiais diversos e farán referencia á conmemoración da data que se celebra:o maio e a primavera.3.- Os concursantes percorrerán as rúas da vila acompañando ao Maio, que sairá ás 16:30 h do mercado



Cod. Validación: 7QYWEAQ3QAQD3SLQFLQQGGXEA | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 27 a 35

gandeiro , lucindo os seus sombreiros. Ao remate do percorrido levarase a cabo un desfile no Cantón cos sombreiros participantes e un xurado calificador (designado pola organización) emitirá o seu veredicto.
4.- Establécense dúas categorías : A) Infantil: Nenos e nenas ata os 12 anos.
B)Adultos
5.- Haberá un premio por categoría , consistente en trofeos deseñados e elaborados pola Fundación Eu Son. SEGUNDO.- Aprobar as Bases do concurso de decoración de vivendas e comercios, sendo as que se detallan a continuación: 1.- Participarán todas aquelas vivendas e comercios que decoren os seus balcóns, fiestras, portais e escaparates por onde tradicionalmente se fai o percorrido o día 1 de maio.
2.- Na decoración predominarán os elementos naturais e farán referencia á conmemoración da data que se celebra: o maio ou a primavera.
3.- Establécense dous premios , un primeiro e un segundo, que consistirán en sendos trofeos deseñados e elaborados pola Fundación Eu Son.
4.- Un xurado , designado pola organizaicón , percorrerá as rúas acompañando ao Maio e , ao final do mesmo emitirá o seu veredicto.
TERCEIRO.- Ratificar esta Resolución na primeira Xunta de Goberno que se leve a cabo.
Mandao e asinao electrónicamente a Sra .Alcaldesa – Presidenta en Lourenzá a dezanove de abril do dous mil vinte e dous".

| ALTA SAF DEPENDENCIA DE DONA ADELINA REIGOSA LOUREIRO | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a comunicación de 18/04/22 da Traballadora Social do Concello de Lourenzá, na que da conta do recoñecemento a Dª. ADELINA REIGOSA LOUREIRO, con D.N.I. nº ****7591A, con domicilio en San Lourenzo núm. 9 da Parroquia de San Jorge deste Termo Municipal, da inclusión no programa de asignación de recursos (PAR-SAF) con una intensidade de 46-70 horas/mes das que vai pasar a percibir 70 horas/mes a través do sistema de dependencia, correspondéndolle abonar por dito servizo a cantidade de cento corenta e oito euros con corenta céntimos (148,40.-) ao mes, o que supón a 2,12 euros/hora segundo a súa capacidade económica.
A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:
Conceder a modificación do servizo de “Axuda no Fogar” a con

Cod. Validación: 7QYWEAQ3QAQD3SLQFLQQGGXEA | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 28 a 35

unha intensidade de 70 horas/mes.

**ALTA SAF DEPENDENCIA DE DONA AMANDINA SEIVANE LOPEZ**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista a comunicación de 01/04/22 da Traballadora Social do Concello de Lourenzá, na que da conta do recoñecemento a Dª. AMANDINA SEIVANE LÓPEZ, con D.N.I. nº ****5221Z, con domicilio en Ferreira de Oural núm. 2 da Parroquia de Santo Tomé deste Termo Municipal, da inclusión no programa de asignación de recursos (PAR-SAF) con una intensidade de 1-20 horas/mes das que vai pasar a percibir 20 horas/mes a través do sistema de dependencia, correspondéndolle abonar por dito servizo a cantidade de corenta e cinco euros con oitenta céntimos (45,80.-) ao mes, o que supón a 2,29 euros/hora segundo a súa capacidade económica.
A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:
Conceder a modificación do servizo de "Axuda no Fogar" a con unha intensidade de 20 horas/mes.

**ALTA SAF LIBRE CONCORRENCIA DE DONA DOLORES PRIETO FRANCO**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista a comunicación da Traballadora Social do Concello de data 07/04/22 relativa ao alta no Servizo de Axuda no Fogar de Dª. DOLORES PRIETO FRANCO con DNI. Núm. ****8291F, con domicilio en Soutelo núm. 1º A da Parroquia de Santa María deste termo, a través do sistema de libre concorrencia de 8 horas ao mes, a Xunta de Goberno, á vista da comunicación emitida pola Traballadora Social, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:
Darse por enterada do alta no servizo de "Axuda no Fogar", a través do sistema de libre concorrencia de Dª. DOLORES PRIETO FRANCO de 8 horas ao mes polo que deberá abonar trinta euros (30,00) mensualmente o que supón 3,75 euros/hora segundo a súa capacidade económica.

**AUMENTO HORAS SAF DEPENDENCIA DE DON JOSE RAMON RICO LOPEZ**



Cod. Validación: 7QYWEAQ3QAQD3SLQFLQQGGXEA | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 29 a 35

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista a comunicación de 01/04/22 da Traballadora Social do Concello de Lourenzá, na que da conta da necesidade de ampliación do Servizo de Axuda no Fogar a D. JOSE RAMÓN RICO LÓPEZ, con D.N.I. nº ****2059A, con domicilio en Dr. Rubiños núm. 15 da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, pasando a percibir 20 horas/mes, correspondéndolle abonar por dito servizo a cantidade de noventa e dous euros (92,00.-) ao mes, o que supón a 4,60 euros/hora segundo a súa capacidade económica.
A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:
Conceder a modificación do servizo de "Axuda no Fogar" a D. JOSE RAMÓN RICO LÓPEZ con unha intensidade de 20 horas/mes.

**AUMENTO HORAS SAF DEPENDENCIA DE DONA MARIA TAPIA MASEDA**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista a comunicación de 18/04/22 da Traballadora Social do Concello de Lourenzá, na que da conta da necesidade de ampliación do Servizo de Axuda no Fogar a Dª. MARIA TAPIA MASEDA, con D.N.I. nº ****7329V, con domicilio en Recemil núm. 1 da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, pasando a percibir 18 horas/mes, correspondéndolle abonar por dito servizo a cantidade de corenta e catro euros con corenta e seis céntimos (44,46.-) ao mes, o que supón a 2,47 euros/hora segundo a súa capacidade económica.
A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:
Conceder a modificación do servizo de "Axuda no Fogar" a Dª. MARIA TAPIA MASEDA, con unha intensidade de 18 horas/mes.

**BAJA SAF DEPENDENCIA DE DONA ESTRELLA PEDREIRA CAYEIRO**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Visto informe da Traballadora Social de data 30/03/22, relativo a extinción do servizo de axuda no fogar de Dª. Mª ESTRELLA PEDREIRA CAYEIRO con D.N.I. nº ****7693J con domicilio en Arroxo, núm. 8 da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, por falecemento da beneficiaria, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:
Conceder a EXTINCION do servizo de "Axuda no Fogar" de Dª. ª



Cod. Validación: 7QYWEAQ3QAQD3SLQFLQQGGXEA | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 30 a 35

| |
|---|
| Estrella Pedreira Cayeiro. |

| | |
|---|---|
| **Expediente 198/2022. ALTA NO SERVICIO DE LIXO DE Dª M. ROSARIO LÓPEZ GONZÁLEZ** | |
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista solicitude núm. 672/22 subscrita por Dª. M. ROSARIO LÓPEZ GONZÁLEZ, con N.I.F. núm. ****8197V, con domicilio en Escourido núm. 10 da Parroquia de Santa María deste Término Municipal, na que solicita o alta no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Escourido núm. 10 da Parroquia de Santa María deste Término Municipal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, ACORDA:

Autorizar dita alta con efectos do segundo trimestre do 2022.

| | |
|---|---|
| **Expediente 20/2020. SOLICITUDES BAIXA POSTOS MERCADO: A.- D. AZID EL MORCHID. B.- XAMÓN PURA LANDRA** | |
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

**A.- SOLICITUDE DE BAIXA NO POSTO DE MERCADO: A.- D. AZID EL MORCHID.**

Vista solicitude núm. 572/22 subscrita por D. AZID EL MORCHID con permiso de residencia núm. X***6301Q con domicilio en Avda. da Coruña núm. 198, 3º de Lugo no que solicita a baixa nos postos do Mercado números 11 e 12, (por erro solicitaron o número 11, cando realmente é o número 15), debido a unha incapacidade total dende 2018.

Visto o escrito da O.N.G AMEIS (Asociación Multicultural Española para la integración y la Solidaridad) ó que adxunta informes médicos e Resolución por incapacidade permanente, así como xustificante de pago dos postos do mercado do exercicio do 2018, no que expón que a débeda que ten o Sr. El Morchid co Concello de Lourenzá, xerouse durante o ciclo da súa enfermidade con operacións cirúrxicas así como na pandemia, e solicitan a devolución do pago do exercicio do 2018.

Visto o informe asinado por D. Ramón Iglesias Ventura de data 07/04/22 encargado do Mercado Municipal no que da conta de que D. Azid El Morchid, non ocupou os postos de mercado dende 2019.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, por unanimidade, ACORDA:

1º.- Dar de baixa dos postos de mercado números 12 e 15 a D. AZID



Cod. Validación: 7QYWEAQ3QAQD3SLQFLQQGGXEA | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 31 a 35

EL MORCHID, con efectos do 31 de decembro do ano 2021.
2º. Denegar a devolución do pago realizado do exercicio do 2018.

**B.- SOLICITUDE DE BAIXA NO POSTO DE MERCADO: B.- XAMÓN PURA LANDRA.**

Vista solicitude núm. 730/22 subscrita por XAMON PURA LANDRA con C.I.F. B27398890 con domicilio en Avda. da Coruña núm. 377, 4º C de Lugo no que solicita a baixa nos postos do Mercado número 13, así como a exención das cuotas dende o ano 2020 ata a actualidade, por non asistir a ningún mercado debido ao covid 19.

Visto o informe asinado por D. Ramón Iglesias Ventura de data 26/04/22, encargado do Mercado Municipal no que da conta de que Xamón Pura Landra, non ocupou os postos de mercado dende 2020.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, por unanimidade, ACORDA:

1º.- Dar de baixa do posto de mercado número 13 a XAMON PURA LANDRA , con efectos do 31 de decembro do ano 2021.
2º. Denegar a exención das cuotas dende 2020.

Cod. Validación: 7QYWEAQ3QAQD3SLQFLQQGGXEA | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 32 a 35

| **Expediente 22/2018. LIQUIDACIÓN R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES S.A.U., 1º TRIMESTRE 2022** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Visto o escrito presentado o 22/04/22 con número de rexistro de entrada núm. REGAGE22e00014410123 por D. Angel Luís Olabuenaga Burón con D.N.I. núm.****3818E, en representación de R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S.A.U. con C.I.F. A-15.474.281 e domicilio a efectos de notificacións na rúa Real núm. 85 de A Coruña, no que solicita que se practique a liquidación da taxa por ocupación de subsolo, solo e voo polos ingresos brutos obtidos por servizos de telecomunicacións no municipio no primeiro trimestre do 2022 e que ascenden á cantidade de dez mil trescentos noventa e nove euros con trinta e seis céntimos (10.399,36).

Visto que R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S.A.U., foi adxudicatario da concesión administrativa para a prestación do servizo de telecomunicacións por cable nas demarcacións territoriais de Galicia e Santiago de Compostela.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, por unanimidade, ACORDA:

1º.- Aprobar a liquidación de Secretaría-Intervención da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do subsolo, solo e voo do dominio publico local do primeiro trimestre de 2022, segundo a cal deberá abonar cento cincuenta e cinco euros con noventa e nove céntimos (155,99.-) o cal supón o 1,5% dos ingresos brutos que ascenden á cantidade de dez mil trescentos noventa e nove euros con trinta e seis céntimos (10.399,36).

2º.- Notificar a R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S.A.U., o presente acordo aos efectos de que proceda o abono da liquidación practicada.

| **FACTURAS MES DE ABRIL/2022.** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |



Cod. Validación: 7QYWEAQ3QAQD3SLQFLQQGGXEA | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 33 a 35

A Xunta de Goberno Local, en virtude das atribucións que lle foron conferidas pola Alcaldía mediante Resolución de data 18/07/2019, prestou aprobación por unanimidade dos presentes, ás FACTURAS que se relacionan a continuación:

| NOME E NIF. ACREDOR | NÚM. FACTURA E DATA | CONCEPTO | IMPORTE (IVE incluído) |
|---|---|---|---|
| SERVICIOS SOCIAS SAN ROQUE NIF.B27333160 | Núm. SSPT2267 de 02/04/22 | Domingos, festivos e Sábados dependencia(97 horas.) | 1.600,77 |
| SERVICIOS SOCIAS SAN ROQUE NIF.B27333160 | Núm. SSPT 2268 de 02/04/22 | Vacacións auxiliares(192,25 horas) | 2.789,17 |
| SERVICIOS SOCIAS SAN ROQUE NIF.B27333160 | Núm. SSPT2269 de 02/04/22 | Incidencias Dependencia (20,00 horas) | 306,90 |
| CONCELLO DE BARREIROS CIF.P2700500-H | Núm. 568 de 30/03/2022 | Mes de Febreiro 2022 | 10.927,91 |
| CONCELLO DE BARREIROS CIF.P2700500-H | Núm. 741 de 21/04/2022 | Mes de Marzo 2022 | 12.675,97 |
| VEHÍCULOS , EQUIPAMIENTOS Y CARROCERÍAS PRIETO- PUGA,S .L. CIF. ESB15134182 | Núm. A22079 DE 31/03/22 | 20 Suxeicións contedores de 800 litros. | 3.617,90 |
| CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO,S .L. CIF. B27250182 | Núm. A22.051 de 31/03/2022 | Reparación beirarúas en Santo Adrao | 4.932,13 |
| WURTH,S .L. CIF. B15326036 | Núm. S02169 de 07/03/2022 | Soporte e mantemento aplicacións informáticas | 4.573,68 |
| **TOTAL** | | | **41.424,43** |

**B) ACTIVIDADE DE CONTROL**



Cod. Validación: 7QYWEAQ3QAQD3SLQFLQQGGXEA | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 34 a 35

**DACIÓN DE CONTA DA CONTA DE EXPLOTACIÓN DE ESPINA Y DELFÍN S.L. A 31/12/2021.**

A continuación e no apartado de dación de conta, a Xunta de Goberno Local tivo coñecemento do Resumo da Conta de Explotación do Servizo Municipal de Augas de Espina y Delfín, correspondente ó ano 2021 e que tivo entrada no concello o día 22/03/2022 sendo rexistrada co núm.137(Gestiona 910/2019).

## C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

Cod. Validación: 7QYWEAQ3QAQD3SLQFLQQGGXEA | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 35 a 35